

## REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 16/01/2019 12:44:40

SAIDA

897/19

D. Miguel Angel Delgado González  
Rúa Juan castro Mosquera 28-2ªDcha  
15005 A Coruña

Expediente RSCTG 7/2019

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Estimado Sr.:

Con data do 11 de xaneiro de 2019, tivo entrada no rexistro Valedor do Pobo, oficio da Subdirección xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se remite un escrito, xunto coa documentación que o acompaña, presentado por vostede e no que interpón recurso potestativo de reposición contra a resolución de acceso a información pública ditada con data do 28 de decembro de 2018 polo subdirector xeral de Réxime Xurídico da referida Secretaría Xeral.

O escrito tramitarase como unha reclamación, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co número de expediente **RSCTG 7/2019**, ao que lle rogamos que faga sempre referencia nos posteriores escritos que nos dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013<sup>1</sup>, poñemos á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira ou considere necesaria para a tramitación do expediente, como calquera cuestión que considere para a incorporación ao expediente ([reclamacions@comisiondatransparencia.gal](mailto:reclamacions@comisiondatransparencia.gal))

Neste caso, e se vostede o solicitara, remitirémolle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Con esta mesma data procedemos a dirixirnos á administración para requirirle o correspondente informe sobre a reclamación presentada.

Indicámoslle así mesmo, que a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro dispón que, cando exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos


<sup>1</sup> Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun procedemento administrativo específico procederase a súa inadmisión.

En relación á instrución do seu expediente indicámoslle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indicámoslle que a preparación do despacho dos asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión<sup>2</sup>.

Por último indicámoslle que, a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo: <http://www.comisiondatransparencia.gal/es/resoluciones-comision-da-transparencia/>

Un atento saúdo,



Milagros María Otero Parga  
Presidenta da Comisión da Transparencia

---

<sup>2</sup> Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia publicado nos DOG nº 134, do 15 de xullo de 2016 e DOG nº 234, do 9 de decembro de 2016.